

**SERVIZO OBXECTO DE CONTRATACIÓN:  
"RECOLLIDA, RETIRADA, TRANSPORTE,  
DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS"**

**PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE  
REXERÁN SÚA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO  
(CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN),  
TRAMITACIÓN ORDINARIA.**

Prego de Cláusulas  
Administrativas  
aprobado por  
Resolución da Alcaldía  
de data 01/07/09.

Sanxenxo, 01 de xullo  
de 2.009.  
O Secretario Xeral

**1.- OBXECTO DO CONTRATO:** O servizo de **RECOLLIDA, RETIRADA, TRANSPORTE, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS**" conforme ao descrito neste prego e no de prescricións técnicas que se considera, a tódolos efectos, parte integrante deste prego. A súa codificación, correspondente a número de referencia do Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), é 50118110-9.

Ángel L. López Pita

**2.- ORZAMENTO E TIPO DA LICITACIÓN:** Sinálase como tipo máximo de licitación o cadro de prezos que figuran como anexo nº 1 a este prego e que se considera parte integrante do mesmo, tendo en conta que os citados prezos inclúen o Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE). A licitación, en canto ao prezo será unha porcentaxe de baixa única para tódolos prezos incluídos no anexo número 1 citado.

Fiscalizado  
conforme pola  
Intervención  
Xeral (art. 93  
LCSP) con data  
30/06/09.

**3.- FINANCIACIÓN:** Para atender as obrigas económicas que se deriven para o Concello de Sanxenxo (en diante Concello) do cumprimento deste contrato existe crédito suficiente no orzamento con cargo a aplicación 2220322706.

**4.- RISCO E VENTURA E REVISIÓN DE PREZOS:** O contrato se executará a risco e ventura do contratista e procederá a revisión de prezos unha vez transcurrido o primeiro ano de execución do contrato e a partires desa data a cada ano de transcurso de execución do contrato mediante a aplicación do 85 por cen da variación positiva experimentada, entre cada período anual, polo Índice de Prezos ao Consumo na Comunidade de Galicia. En caso de que non existise variación ou a mesma fose negativa non procederá a revisión.

**5.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN:** O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración).

**6.-LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS:** As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, de 9 a 14 horas, agás o sábado que será de 9 a 13 horas, en sobres pechados que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula seguinte, dentro do prazo de QUINCE DÍAS NATURAIS (15) a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante BOP), Diario Oficial de Galicia (en diante DOG) e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, [www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es) (en diante perfil do contratante). O cómputo de prazos escomenzará desde a derradeira publicación en calquera dos medios citados. Faise constar que si o prazo rematara en festivo ou sábado ampliarase ao día seguinte hábil que non fose sábado.

Poderanse presentar proposicións por correo, tendo o interesado que acreditar no resguardo correspondente, a data de imposición do envío na OFICINA DE CORREOS e anunciando o mesmo día ao órgano de contratación, por FAX, a remisión da proposición.

Sen o cumprimento destes requisitos non será admitida a proposición no caso de que fose recibida fóra do prazo previsto no anuncio de licitación.

Non obstante, transcorridos DEZ DÍAS NATURAIS (10), contados a partir do seguinte ao do remate do prazo de presentación, non será admitida ningunha proposición remitida por correo.

**7.-DOCUMENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS:** A presentación da proposición presupón a aceptación incondicional por parte do licitador das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co Concello.

As proposicións constarán de tres sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, facendo constar en cada un deles o seu correspondente contido e o nome do licitador, así como os números de teléfono e de fax para a súa localización inmediata.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha sola proposición, individual ou mediante a fórmula de unión temporal. Tampouco poderá figurar en máis dunha unión temporal. O incumprimento desta cláusula dará lugar a desestimación de tódalas proposicións presentadas polo mesmo licitador.

No **SOBRE A** e baixo a denominación de **DOCUMENTACIÓN XERAL**, incluírase a seguinte:

1.-Acreditación da personalidade xurídica do licitador:

a) No caso de persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación inscrita, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o é, escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente Rexistro oficial.

b) No caso de persoas físicas: DNI, NIF ou pasaporte.

Prego de Cláusulas  
Administrativas  
aprobado por  
Resolución da Alcaldía  
de data 01/07/09.

Sanxenxo, 01 de xullo  
de 2.009.  
O Secretario Xeral

Ángel L. López Pita

Fiscalizado  
conforme pola  
Intervención  
Xeral (art. 93  
LCSP) con data  
30/06/09.

2.-Acreditación da representación de quen actúa en nome do licitador (aplicable a tódolos casos, agás aquel no que o licitador sexa unha persoa física e actúe por se mesma): Poder notarial bastantado polo Secretario Xeral do Concello.

3.-Declaración responsable do licitador de non atoparse incurso nas prohibicións para contratar establecidas no artigo 49 da Lei 30/07, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP): En caso de que o licitador fose persoa xurídica, a delaración deberá referirse a mesma persoa xurídica e aos seus administradores. Esta declaración incluírá expresamente a circunstancia de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias co Concello, co Estado, Imposto de Actividades Económica (en diante IAE) e coa Seguridade Social.

4.-Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira por calquera dos medios previstos no artigo 64 da LCSP.

5.-Acreditación da solvencia técnica polo medio previsto no artigo 67 da LCSP (relación dos principais servizos e traballos realizados que estean relacionados co obxecto deste contrato nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos). A documentación a presentar será, no caso de que o destinatario dos traballos a acreditar fosen entidades de dereito público, certificados expedidos ou visados polo órgano competente e, no caso de que o destinatario dos traballos a acreditar fose un suxeito privado, certificado expedido por éste ou, a falta deste certificado, unha declaración do empresario.

6.-Unións temporais de empresarios: Dous ou máis empresarios poderán presentar ofertas conxuntas de licitación constituindo unha unión temporal de conformidade co establecido no artigo 48 da LCSP, debendo acreditar cada un a súa personalidade, capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes, cos nomes e circunstancias dos empresarios que a suscriban, a participación de cada un deles, o compromiso de constituirse formalmente en unión temporal no caso de ser adxudicatarios do contrato e designar a persoa que será o seu representante ante o Concello. No suposto de resultar adxudicataria deberán acredita-la constitución da unión temporal en escritura pública e presentar o CIF da unión temporal no prazo dos QUINCE DIAS NATURAIS(15) seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación e a súa duración coincidirá coa do contrato e ata a súa extinción. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante do Concello.

Prego de Cláusulas  
Administrativas  
aprobado por  
Resolución da Alcaldía  
de data 01/07/09.

Sanxenxo, 01 de xullo  
de 2.009.  
O Secretario Xeral

Ángel L. López Pita

Fiscalizado  
conforme pola  
Intervención  
Xeral (art. 93  
LCSP) con data  
30/06/09.

6.-Empresas non españolas:

a)Acreditación da capacidade:

a-1)Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou de Estados sinatarios do Acordo sobre Espazo Económico Europeo(Islandia, Liechtenstein e Noruega): Acreditarase mediante declaración xurada de estar habilitadas para realizar a prestación de que se trate de acordo coa lexislación do Estado onde estén establecidas. Cando dita lexislación esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate deberán acreditar o cumprimento deste requisito.

a-2)Restantes empresas non españolas: Acreditarase mediante a seguinte documentación:

Informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española na que se faga constar que o Estado de procedenza da empresa extranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LCSP, en forma sustancialmente análoga

b)Declaración de someterse á xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españoles: Comprenderá os xulgados e tribunais de calqueira orde, para tódalas incidencias que, de modo directo ou indirecto, poideran xurdir do contrato, coa renuncia do foro xurisdiccional extranxeiro que poidese corresponder ao licitador.

As empresas inscritas no Rexistro xeral de contratistas da C.A. de Galicia, estarán exentas de presenta-la documentación esixida neste sobre correspondente ós apartados a), b), c), d), e), f) e j); asemade, presentará a documentación que non obre no citado rexistro ou esté caducada na data de remate de presentación de ofertas. Deberán presentar declaración na que se faga constar que se atopan inscritas, sinalando o número de inscrición e indicando no exterior do sobre A dito número có obxecto de que unha vez recibidas as ofertas se poida conseguí-la certificación da inscrición.

Os documentos que se acompañen deberán ser orixinais, non obstante admitíranse fotocopias dilixenciadas pola Secretaria ou funcionario/a en quen delegue, ñas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

**No SOBRE B** e baixo denominación **“PROPOSICIÓN ECONÓMICA. CRITERIOS DEPENDENTES DE XUIZO DE VALOR”** realizarase a oferta dacordo co modelo **B** que se adxunta a este prego, debendo os licitadores axustar a súa proposta aos criterios para a selección do contratista que figuran

na cláusula 8ª deste prego, acompañada da documentación que para cada un dos criterios se describe na citada cláusula.

**No SOBRE C** e baixo denominación **“PROPOSICIÓN ECONÓMICA. PREZO”** realizarase a oferta dacordo co modelo **C** que se adxunta a este prego , debendo os licitadores axustar a súa proposta ao criterio para a selección do contratista que figura na cláusula 9ª deste prego.

**8.-CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DEPENDENTES DE XUIZO DE VALOR:** Son aqueles que, por non ser avaliábles matemáticamente pola aplicación dunha fórmula, se valorarán por un comité de expertos, detallándose a continuación a puntuación máxima a outorgar por cada un deles e a documentación a presentar para que poidan puntuarse :

- a) Características do local para depósito e custodia, valorarase especialmente a cercanía dos núcleos urbanos de maior poboación de Sanxenxo. Ata un máximo de vinteseis (26) puntos.
- b) Características técnicas das grúas ofertadas: ata un máximo de dezaseis (16) puntos.
- c) Medios persoais para a prestación do servizo: ata un máximo de dezaseis (16) puntos.
- d) Melloras na execución do contrato sobre o previsto no prego de prescricións técnicas: ata dezaseis (16) puntos como máximo A estes efectos os licitadores deberán presentar unha memoria descriptiva que recolla o obxecto das melloras e que explique como repercutiran na execución do contrato. Asemade incorporarase un presuposto detallado do importe das melloras. A non presentación polo licitador da memoria ou do presuposto nos términos sinalados neste parágrafo determinará que a puntuación por este criterio sexa de 0 puntos.

**9.-CRITERIO DE ADXUDICACIÓN AVALIABLE AUTOMÁTICAMENTE:** Únicamente é o prezo que se valorará con un máximo de vinteseis (26) puntos. Calcularase outorgando a puntuación máxima a oferta que teña a maior porcentaxe de baixa única para todo-los prezos incluídos no anexo número 1 deste prego no referente a parte do concesionario. As demais ofertas asignaráselles a puntuación proporcional que corresponda en relación á que obtivo a puntuación máxima.

**10.-MESA DE CONTRATACIÓN:** A presidirá a Sra. Alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue e, de conformidade coa disposición adicional 2ª da LCSP, asistirán, en calidade de vocais, o/a Concelleiro/a-Delegado/a por razón da materia, outro/a concelleiro/a nomeado polo Alcalde, o Secretario da Corporación e o Interventor como vocais. Actuará como Secretario un funcionario/a designado polo Alcalde. A composición da Mesa de Contratación publicarase no perfil do contratante con unha antelación mínima de SETE DÍAS NATURAIS (7) con respecto a súa data de constitución

Prego de Cláusulas  
Administrativas  
aprobado por  
Resolución da Alcaldía  
de data 01/07/09.

Sanxenxo, 01 de xullo  
de 2.009.  
O Secretario Xeral

Ángel L. López Pita

Fiscalizado  
conforme pola  
Intervención  
Xeral (art. 93  
LCSP) con data  
30/06/09.

A Mesa poderá solicitar asesoramento externo para a avaliación dos proposicións presentadas.

**11.-CALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL:** Concluído o prazo de presentación de proposicións e coa documentación presentada no Concello conforme ao disposto neste prego, a Mesa de Contratación constituirase e procederá á calificación da documentación xeral aportada polos licitadores no sobre A, en sesión non pública, sempre antes dos actos de apertura de plicas da proposición económica (sobre B).

Se a Mesa de Contratación observara defectos ou omisións subsanables na documentación presentada comunicárase verbalmente ao interesado, ao número de teléfono ou ao número de fax que aparezan na portada da plica, concedéndose, na mesma comunicación, un prazo de TRES DÍAS HÁBILES(3) contados a partir da comunicación, para que os licitadores corrixa ou subsanen os defectos ou omisións. Ademais as devanditas circunstancias faranse públicas a través de anuncio no taboleiro de edictos do Concello.

Calificada a documentación a Mesa pronunciarase expresamente sobre os admitidos a licitación, os rexeitados e as causas do rexeitamento.

## **12.-APERTURA DAS PROPOSICIÓNS ECONÓMICAS. CRITERIOS DEPENDENTES DE XUIZO DE VALOR (SOBRE B):**

A Mesa de Contratación, en acto público, dará conta dos incidentes da calificación da documentación xeral presentada e a continuación, o Secretario da Mesa, procederá á apertura do sobre B, correspondente a proposicións económicas, criterios dependentes de xuízo de valor dos licitadores admitidos e dará lectura das proposicións formuladas neles. O acto celebrarase no suposto de que non se comunique a remisión de proposicións por correo, ó **SEXTO DÍA NATURAL** contado a partir do seguinte ao do remate do prazo de presentación de proposicións, ás 12 horas na sala da xuntas do Concello, agás que coincida en sábado, caso no que celebrarase ó seguinte día hábil á mesma hora. Se se comunica a remisión de proposicións por correo, o acto celebrarase o **SEXTO DÍA NATURAL** contado a partir do seguinte ao da presentación da derradeira proposición enviada por correo, ás 12 horas na sala da xuntas do Concello, agás que coincida en sábado, caso no que celebrarase o seguinte día hábil á mesma hora. Faíse constar que, no suposto de remisión de proposicións por correo, procederase a comunicar, verbalmente, ao número de teléfono ou ao número de fax que deberán figurar nos sobres que contiñan as plicas, a data de apertura do sobre B.

Unha vez rematado o acto de apertura se dará traslado da documentación do sobre B ao comité de expertos nomeado conforme se detalla na seguinte cláusula para que proceda a valoración mediante a entrega da mesma a calqueira dos seus membros deixando constancia no expediente da recepción do mesmo.

Prego de Cláusulas  
Administrativas  
aprobado por  
Resolución da Alcaldía  
de data 01/07/09.

Sanxenxo, 01 de xullo  
de 2.009.  
O Secretario Xeral

Ángel L. López Pita

Fiscalizado  
conforme pola  
Intervención  
Xeral (art. 93  
LCSP) con data  
30/06/09.

**13.-COMITÉ DE EXPERTOS:** A atribución da puntuación polos criterios dependentes dun xuízo de valor que figuran na cláusula 8ª deste prego e incluídos no sobre B da documentación a realizará un comité de expertos composto de tres membros nomeado por resolución da Alcaldía de entre o persoal ao servizo do Concello que teña cualificación profesional adecuada en razón da materia obxecto da contratación, publicándose a súa composición no perfil do contratante con carácter previo a apertura do sobre B. O comité de expertos terá un prazo máximo de VINTEÚN DÍAS NATURAIS (21) contado desde o seguinte ao da entrega a calqueira dos seus membros da documentación do sobre B para presentar por escrito un informe no que conste a valoración da documentación incluída no sobre B, sendo o límite máximo de puntuación para cada criterio o que está descrito na cláusula 8ª deste prego e o límite mínimo 0 puntos. Unha vez realizado o informe de valoración e asinado por tódolos membros do comité entregárase ao Secretario da Mesa de Contratación deixando constancia no expediente da recepción do mesmo.

Prego de Cláusulas  
Administrativas  
aprobado por  
Resolución da Alcaldía  
de data 01/07/09.

Sanxenxo, 01 de xullo  
de 2.009.  
O Secretario Xeral

**14.-APERTURA DAS PROPOSICIONS ECONÓMICAS. PREZO (SOBRE C):** A Mesa de Contratación, en acto público, dará conta da puntuación outorgada polo comité de expertos en función dos criterios incluídos no sobre B da documentación presentada polos licitadores e, a continuación, o Secretario da Mesa, procederá á apertura do sobre C, correspondente a proposición económica/prezo, dos licitadores admitidos e dará lectura das proposicións formulada neles. O acto celebrárase o **SEGUNDO DÍA NATURAL** contado a partir do seguinte ao da entrega ao Secretario da Mesa da puntuación dos criterios dependentes de xuízo de valor, ás 12 horas na sala da xuntas do Concello. Fáise constar que procederáse a comunicar, verbalmente, ao número de teléfono ou ao número de fax que deberán figurar nos sobres que contiñan as plicas, a data de apertura do sobre C.

Ángel L. López Pita

Fiscalizado  
conforme pola  
Intervención  
Xeral (art. 93  
LCSP) con data  
30/06/09.

**15.-VALORACIÓN TOTAL DAS PROPOSTAS:** Unha vez realizada a apertura do sobre C nese mesmo acto ou noutro posterior, a Mesa de Contratación valorará, mediante a aplicación automática da fórmula descrita na cláusula 9ª deste prego, a documentación incluída no sobre C e a continuación a sumará a que figura no informe do comité de expertos para determinar a puntuación total que lle corresponde a cada proposta, clasificándoas na orde decrecente.

**16.-OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS:** Unha vez valoradas as distintas proposicións admitidas a Mesa de Contratación procederá a apreciar se existen valores desproporcionados ou anormais nas propostas, utilizando, para o prezo, os criterios establecidos no art. 85.1 ao 4 do RXC., emitíndose, a estos efectos, informe pola Intervención do Concello. Se a Mesa de Contratación, a vista do citado informe, entende que a proposición máis valorada podería ser calificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto no art.

136.3 da LCSP, ampliándose o prazo de adxudicación en QUINCE DÍAS HÁBILES (15).

**17.-PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN POLA MESA DE CONTRATACIÓN:** Agás o caso previsto na cláusula 16ª a Mesa de Contratación propoñerá ao órgano de contratación a adxudicación provisional do contrato a favor da proposta que obtivese a maior puntuación total na valoración efectuada conforme ao procedemento descrito nas cláusulas anteriores.

No suposto da cláusula 16ª, a vista do resultado do trámite realizado conforme o disposto na mesma, a Mesa de Contratación, propoñerá ao órgano de contratación a aceptación ou rexeite da oferta nos termos do apartado 4 do artigo 136 da LCSP.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte ao Concello.

**18.-ADXUDICACIÓN PROVISIONAL:** O órgano de contratación realizará mediante acordo motivado a adxudicación provisional a vista da proposta da Mesa de Contratación. Se o órgano de contratación estimase que a proposta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados acordará a adxudicación a favor da seguinte proposición coa puntuación máis elevada aplicando os criterios de adxudicación, sempre que poida cumprirse a satisfacción do Concello e que non sexa considerada anormal ou desproporcionada.

A adxudicación provisional realizarase no prazo de DOUS MESES(2) desde a apertura das proposicións,agás no suposto do artigo 136.3 da LCSP. De non facerse así os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición.

O acordo de adxudicación provisional se notificará aos licitadores e publicaráse no BOP ou no perfil de contratante. Se os interesados o solicitan facilitaráselles información, nun prazo de CINCO DIAS HÁBILES (5), dos motivos do rexeitamento da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor

**19.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA E GARANTÍA:** A elevación a definitiva da adxudicación provisional mediante acordo motivado do órgano de contratación non poderá producirse antes de que transcurran QUINCE DIAS HÁBILES(15) contados desde o seguinte a publicación daquela no BOP ou no perfil de contratante e dentro do prazo dos DEZ DIAS HÁBILES (10) seguintes a aquel no que expire o primeiro prazo citado nesta cláusula sempre que o adxudicatario provisional houberse presentado dentro do primeiro prazo a seguinte documentación:

-Xustificación acreditativa de atoparse ao corrente das obrigas tributarias (IAE, Estado, e Concello ) e coa Seguridade Social. No que respecta ao IAE presentarase, alta, referida ao exercizo corrente ou do último recibo, completado con unha declaración responsable de non haberse dado de baixa na

Prego de Cláusulas Administrativas aprobado por Resolución da Alcaldía de data 01/07/09.

Sanxenxo, 01 de xullo de 2.009.  
O Secretario Xeral

Ángel L. López Pita

Fiscalizado conforme pola Intervención Xeral (art. 93 LCSP) con data 30/06/09.

matrícula do imposto. Non obstante, cando a empresa non estea obrigada ao pagamento do IAE, bastará declaración responsable asinada polo licitador ao respecto. En tódolos demais supostos presentaranse certificacións positivas dos organismos administrativos competentes.

-Garantía definitiva polo importe de 6.000 €; Constituirase en calqueira das formas previstas no Art. 84 da LCSP. O prazo de garantía extenderase ata o período dun ano contado a partir da data de remate do contrato. Durante o prazo de garantía estarase ao disposto nos arts. 88 e 283.2 da LCSP. A cancelación producirase nos termos do art. 90 da LCSP.

**20.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO:** O concello e o contratista deberán formalizala adxudicación do servizo en contrato administrativo, dentro dos DEZ DÍAS HÁBILES (10) seguintes ao da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo título suficiente para acceder a calquer rexistro público e unha vez que o adxudicatario presentase no prazo citado nesta cláusula a documentación esixida na cláusula 10ª do prego de prescricións técnicas. Non obstante o anterior, dito contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a petición do contratista e a súa costa. A non formalización do contrato por causas imputables ao adxudicatario dará lugar a aplicación do disposto no art. 140.3 da LCSP.

**21.-DURACIÓN DO CONTRATO:** O prazo de prestación do servizo é de CATRO ANOS (4) a contar dende o día seguinte ao da sinatura do contrato.

**22.-ABOAMENTO DO PREZO:** Procederase mensualmente a súa liquidación previa presentación da correspondente factura detallada. Dentro dos dez primeiros días de cada mes, o adxudicatario presentará unha liquidación, conformada pola Xefatura da Policía Local, dos servizos prestados durante o mes anterior, aplicando os prezos unitarios pactados nos que se entende incluído o IVE; dita liquidación especificará os distintos conceptos, incluídos os desprazamentos con enganche de vehículo pero sen retirada e acompañarase dunha relación mecanizada dos vehículos retirados, depositados e entregados na que figuren: o titular do vehículo, motivo da retirada, data de retirada e de entrega, se fora o caso, e o prezo polo transporte e depósito aplicable. A efectos do cómputo do prazo de abono previsto na LCSP fíxase como data de expedición da factura a da súa presentación no Rexistro de Entrada do Concello. No suposto de que se aprecien erros ou defectos na documentación presentada, os prazos interrumpiranse ata que sexan subsanados.

**23.-CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN:** Estarase ao disposto nos arts. 209, 210 e 211 da LCSP.

**24.-RESOLUCIÓN DO CONTRATO:** As causas de resolución son as previstas nos arts. 206 e 284 da LCSP, que acordarase na forma prevista no art. 207 da LCSP e cos efectos citados nos arts. 208 e 285 da LCSP. Será causa

Prego de Cláusulas  
Administrativas  
aprobado por  
Resolución da Alcaldía  
de data 01/07/09.

Sanxenxo, 01 de xullo  
de 2.009.  
O Secretario Xeral

Ángel L. López Pita

Fiscalizado  
conforme pola  
Intervención  
Xeral (art. 93  
LCSP) con data  
30/06/09.

específica de resolución do contrato o incumprimento por parte do contratista das obrigas asumidas na oferta.

**25.-GASTOS A CARGO DO CONTRATISTA:** Serán da súa conta os seguintes gastos:

- a) Os tributos de calquera Administración que pesen sobre o contrato ou sobre o seu obxecto, así como a obter as licencias e autorizacións necesarias para a execución do contrato e o aboamento do tributo correspondente.
- b) Asumi-lo pago do I.V.E.
- c) Os de formalización pública do contrato de adxudicación.
- d) Os gastos dos anuncios da licitación no D.O.G e B.O.P. da provincia de Pontevedra e se procede os de adxudicación.

Prego de Cláusulas  
Administrativas  
aprobado por  
Resolución da Alcaldía  
de data 01/07/09.

Sanxenxo, 01 de xullo  
de 2.009.  
O Secretario Xeral

Ángel L. López Pita

Fiscalizado  
conforme pola  
Intervención  
Xeral (art. 93  
LCSP) con data  
30/06/09.

**26.-REXIME XURÍDICO:** O contrato que regula as presentes cláusulas ten carácter administrativo e, como tal, as partes sométense á lexislación de contratos das administracións públicas (LCSP e RXC); supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato resolveranse polo órgano de contratación, acordos que porán fin a vía administrativa e contra os que caberá recurso contencioso- administrativo conforme ao disposto pola lei reguladora desta xurisdicción, despois da interposición previa, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Sanxenxo, 29 de xuño de 2.009.

A alcaldesa-presidenta

Catalina González Bea

## MODELO DE PROPOSICIÓN B

D....., maior de idade, veciño de....., con domicilio en....., titular do DNI nº....., expedido con data.....en nome propio (ou en representación de....., veciño de....., con domicilio en.....conforme acreditado con Poder Bastanteado) enterado do expediente tramitado para adxudicar, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e trámite ordinario, a contratación da **“prestación do servizo de recollida, retirada, transporte, depósito e custodia de vehículos”** comprométese a realizalo con suxección ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescripcóns Técnicas, ofertando o servizo conforme as seguintes condicións que se axustan aos criterios do concurso que dependen para a súa cuantificación dun xuízo de valor:

Sanxenxo,.....de ..... de 2009.

Prego de Cláusulas  
Administrativas  
aprobado por  
Resolución da Alcaldía  
de data 01/07/09.

Sanxenxo, 01 de xullo  
de 2.009.  
O Secretario Xeral

Ángel L. López Pita

Fiscalizado  
conforme pola  
Intervención  
Xeral (art. 93  
LCSP) con data  
30/06/09.

## MODELO DE PROPOSICIÓN C

D....., maior de idade, veciño de....., con domicilio en....., titular do DNI nº....., expedido con data.....en nome propio (ou en representación de....., veciño de....., con domicilio en.....conforme acredito con Poder Bastanteado) enterado do expediente tramitado para adxudicar, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e trámite ordinario, a contratación da **“prestación do servizo de recollida, retirada, transporte, depósito e custodia de vehículos”** comprométese a realizalo con suxección ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescripcíons Técnicas, ofertando o servizo conforme a seguinte proposta económica en canto ao prezo:

Porcentaxe de baixa única para todos os prezos incluídos no anexo número 1 (parte do concesionario) deste prego.....%.(Indicarase os números correspondentes a porcentaxe de baixa que se oferta expresado con dous decimais. En caso de que non se oferte porcentaxe de baixa algún porase 0,00 %).

Sanxenxo,.....de ..... de 2009.

Prego de Cláusulas  
Administrativas  
aprobado por  
Resolución da Alcaldía  
de data 01/07/09.

Sanxenxo, 01 de xullo  
de 2.009.  
O Secretario Xeral

Ángel L. López Pita

Fiscalizado  
conforme pola  
Intervención  
Xeral (art. 93  
LCSP) con data  
30/06/09.

## **DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADE**

Prego de Cláusulas  
Administrativas  
aprobado por  
Resolución da Alcaldía  
de data 01/07/09.

Sanxenxo, 01 de xullo  
de 2.009.  
O Secretario Xeral

Ángel L. López Pita

Fiscalizado  
conforme pola  
Intervención  
Xeral (art. 93  
LCSP) con data  
30/06/09.

D. \_\_\_\_\_ con N.I.F. nº \_\_\_\_\_,  
veciño de \_\_\_\_\_ con domicilio para os efectos de notificación en  
\_\_\_\_\_, Teléfono nº \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, fas nº \_\_\_\_\_, e-mail  
\_\_\_\_\_, actuando en en representación da  
empresa \_\_\_\_\_, C.I.F. nº \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ constituída por escritura autorizada polo Notario  
\_\_\_\_\_ do Colexio de \_\_\_\_\_ o día \_\_ de  
\_\_\_\_\_ do 200\_, inscrita no Rexistro Mercantil de  
\_\_\_\_\_. Tomo \_\_\_\_\_ folio \_\_ inscripción \_\_\_\_ de la hoja \_\_\_\_\_.  
Acredita a súa representación, a través do poder outorgado o día \_\_ de  
\_\_\_\_\_ do 200\_ perante o Notario  
\_\_\_\_\_ do Colexio de \_\_\_\_\_.

### **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

Que son certos os datos indicados e que a empresa á que representa reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar consonte os artigos 15 e 197 do T.R.L.C.A.P.

Que a empresa á que representa non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 49 da LCSP en particular non incorre en incompatibilidades para contratar co Ilmo. Concello de Sanxenxo, e que, especialmente, áchase ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social que imponen as disposicións vixentes<sup>1</sup>.

<sup>1</sup> Para os efectos da súa xustificación acreditativa e de resultar proposto para a adxudicación, comprométome a presentar antes da adxudicación definitiva e no prazo máximo de quince días hábiles a contar desde a publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante ([www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es)):

- Certificación positiva emitida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ou Delegación de Facenda competente.
- De estar obrigado ó seu pagamento, presentación da alta e, no seu caso, do último recibo do Imposto de Actividades Económicas.
- Certificación positiva emitida polo Organismo de Recaudación Municipal (ORAL), no que respecta as débedas contraídas polo contratista co Concello de Sanxenxo.
- Certificación positiva emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Que a empresa a que representa está ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias da Facenda Pública da Administración do Estado, da Facenda Pública do Concello de Sanxenxo e das obrigas coa Seguridade Social, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse antes da adxudicación definitiva, segundo o artigo 130 da LCSP.

Que coñece os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que serven de base ó contrato e que o acepta incondicionalmente.

Prego de Cláusulas  
Administrativas  
aprobado por  
Resolución da Alcaldía  
de data 01/07/09.

Sanxenxo, 01 de xullo  
de 2.009.  
O Secretario Xeral

Lugar e data  
Sinatura do Proponente

Ángel L. López Pita

D. \_\_\_\_\_

Fiscalizado  
conforme pola  
Intervención  
Xeral (art. 93  
LCSP) con data  
30/06/09.

---

## A N E X O nº 1

Prezos unitarios máximos, (IVE incluído) para a prestación do “Servizo de recollida, retirada, transporte depósito e custodia de vehículos”.

### **Retirada e transporte**

	<b>Contratista</b>	Concello	TARIFA
Bicicletas	<b>3,52</b>	6,00	9,52
Ciclomotores	<b>3,21</b>	6,00	9,21
Motocicletas, triciclos, motocarros e análogos	<b>9,53</b>	6,00	9,53
Turismos	<b>37,58</b>	8,42	46
Furgonetas e análogos ata 1 Tm	<b>75,13</b>	10,00	85,13
Furgonetas e análogos entre 1,01 Tm e 3 Tm	<b>110,10</b>	10,00	120,10
Camións de 3Tm a 10Tm	<b>250,51</b>	10,00	260,51
Camións de máis de 10 Tm e autobuses	<b>420,50</b>	10,00	430,50
Camións articulados	<b>651,51</b>	10,00	661,51

Prego de Cláusulas Administrativas aprobado por Resolución da Alcaldía de data 01/07/09.

Sanxenxo, 01 de xullo de 2.009.  
O Secretario Xeral

Ángel L. López Pita

### **Depósito e custodia (por día ou fracción)**

	<b>Contratista</b>
Bicicletas	<b>2,00</b>
Ciclomotores	<b>3,00</b>
Motocicletas, triciclos, motocarros e análogos	<b>4,00</b>
Turismos	<b>10,00</b>
Furgonetas e análogos ata 1 Tm	<b>15,00</b>
Furgonetas e análogos entre 1,01 Tm e 3 Tm	<b>30,00</b>
Camións de 3Tm a 10Tm	<b>45,00</b>
Camións de máis de 10 Tm e autobuses	<b>60,00</b>
Camións articulados	<b>100,00</b>

Fiscalizado conforme pola Intervención Xeral (art. 93 LCSP) con data 30/06/09.

### **Desprazamento e enganche sen retirada de vehículo**

	<b>Contratista</b>	Concello	TARIFA
Turismos	<b>15,50</b>	6,00	21,50
Furgonetas e análogos ata 1 Tm	<b>23,50</b>	6,00	29,50
Furgonetas e análogos entre 1,01 Tm e 3 Tm	<b>42,07</b>	6,00	48,07
Camións de 3Tm a 10Tm	<b>57,10</b>	6,00	63,10
Camións de máis de 10 Tm e autobuses	<b>120,20</b>	6,00	126,20
Camións articulados	<b>150,25</b>	6,00	156,25